




## CRITERIOS COMÚNS PARA A ELABORACIÓN DAS CONVOCATORIAS DE ESTABILIZACIÓN NO EMPREGO PÚBLICO LOCAL EN GALICIA

Julio 2022



## CRITERIOS COMÚNS PARA A ELABORACIÓN DAS CONVOCATORIAS DE ESTABILIZACIÓN NO EMPREGO PÚBLICO LOCAL EN GALICIA

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das Administracións Públicas españolas, actuando a reforma en tres dimensións:

- 1) Adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente.
- 2) Articulación de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro.
- 3) Potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

O proceso de estabilización do emprego local se desenvolverá coas seguintes premisas:

- Autorízase un proceso de estabilización de emprego público que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos contempladas nas distintas Administracións Locais, e estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.



- Con carácter único e excepcional, de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, convocarase, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

A continuación, preséntanse os seguintes **criterios comúns de actuación** que poderán, con absoluto respecto ao principio de Autonomía Local, servir de guía e orientación para a elaboración das bases das convocatorias a publicar en desenvolvemento das ofertas publicadas ao abeiro da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público.

Os ditos criterios teñen sido consensuados entre a Fegamp e os sindicatos CC.OO, CIG e UGT.

Respectaranse as bases da negociación colectiva dos procesos de estabilización coa referencia do EBEP (art. 37) e á propia Lei 20/2021, de 28 de decembro.

### 1. Requisitos temporais para publicación das convocatorias de procesos selectivos.

A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse en todo caso antes do 31 de decembro de 2022. A resolución destes procesos selectivos deberá finalizar en todo caso antes do 31 de decembro de 2024. Na medida en que a xestión dos procesos derivados da aplicación das disposicións sexta, sétima e oitava o permita, os mesmos procuraranse que sexan realizados na súa integridade no ano 2023.



## 2. Prohibición de convocatorias restrinxidas

As prazas para cubrir no proceso de estabilización deben ser ofertadas dando cumprimento aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade derivado dos anteriores.

## 3. Esixencia de titulación académica e requisitos lingüísticos.

Nas convocatorias de prazas en proceso de estabilización é de aplicación a normativa sobre titulación académica esixida para acceder aos distintos corpos de funcionarios, en función do seu subgrupo de pertenza, ou ás distintas categorías profesionais, salvo aqueles supostos en que a normativa convencional aplicable ao ámbito permita opoñer excepción esta esixencia.

O desempeñar previamente a praza convocada non exime deste requisito, salvo aqueles supostos en que a normativa convencional para o persoal laboral aplicable ao ámbito estableza a posibilidade de acceder con outras titulacións académicas ou profesionais similares ou equivalentes. As Agrupacións Profesionais, Grupo V, non se lles exixirá titulación de acordo coa Disposición Adicional sexta do TREBEP.

Con relación aos requisitos lingüísticos, no caso de non poder acreditar o coñecemento do galego de conformidade coa normativa vixente, poderase facer mediante unha proba de carácter oral que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía.

## 4. Sistemas selectivos a utilizar

### 4.1. Procesos derivados do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro

O sistema selectivo será o de concurso-oposición na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate, os exercicios poderán non ser eliminatorios.



- Fase de oposición: A fase de oposición valorarase co 60% da puntuación total. O número de aprobados na fase de oposición será o das persoas que superasen a mesma, aínda cando esta cifra exceda do número total de prazas a cubrir.
- Fase de concurso: A fase de concurso terá unha valoración dun 40% da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría u equivalente de que se trate (90%).
- O RD 896/1991 (Admón., Local), no seu artigo 4, alude a que primeiro se realice o concurso, sen que teña carácter eliminatorio.

Os criterios de baremación serán consensuados coas organizacións sindicais presentes.

- Respetarase a libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
- A oposición (60%) consistirá nunha única proba tipo test. Catro respostas con 1 válida. As erróneas ou en branco non penalizan. En todo caso non terá carácter eliminatorio.
- No ámbito local non se aplica o RD 896/1991. Débense buscar alternativas (DA 1ª). Redución de prazos, dixitalización dos procesos ou acumulación de probas nun mesmo exercicio, entre outras (DÁ 4ª).
- Reducirse, como mínimo nun 50%, o número de temas en relación cos dun proceso ordinario.
- Publicaranse previamente baterías indeterminadas de preguntas das que se extraerán as contidas na proba.

Méritos profesionais: 36 puntos

- Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local convocante en calidade de persoal temporal 0,43 puntos por mes.



- Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,1 puntos por mes completo
- Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,14 puntos por mes completo.
- Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,03puntos por mes completo.

Outros méritos: 4 puntos.

a) Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima sería:

Grupo A1: 100 horas (0,04 puntos hora)

Grupo A2: 80 horas (0,05 puntos hora)



- Grupo B: 50 horas (0,08 puntos hora)  
Grupo C1: 30 horas (0,133 puntos hora)  
Grupo C2: 20 horas (0,20 puntos hora)  
Grupo AP: 10 horas (0,40 puntos hora)

b) Titulación Superior a requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos

A solicitude irá acompañada do/s certificado/s de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas e dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais. Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

A cobertura das prazas seguirá a orde de prelación resultante da negociación colectiva que se desenvolva en cada administración convocante.

Os aspirantes que queden sen praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda.

#### 4.2. Procesos derivados das disposicións adicionais sexta e oitava

O sistema será o de concurso de valoración de méritos. Trátase dun proceso de carácter excepcional e por unha soa vez, no que non é posible establecer un baremo concreto da experiencia que non sexa racional e proporcionado, é dicir que non resulte arbitrario e caprichoso (STS 25 de xaneiro de 2021).

Non se considera arbitrario atribuír distinta puntuación á experiencia previa segundo se acadase na Administración convocante ou noutra, dado que non existe o mesmo contexto organizativo e funcional e que non hai unha coincidencia de competencias e funcións a desenvolver e normativa a aplicar" (STSS 24/06/2019, 5/07/2019).



A experiencia profesional avaliable é aquela que pode ter a consideración de traballo efectivo na situación de servizo activo ou equivalente pero tamén períodos de excedencia por coidado familiares, violencia xénero, servizos especiais e/ou excedencia forzosa.

Non se limitarán no tempo os méritos do tempo de servizos prestados xa que se trata dun proceso extraordinario, no que non se valorará a experiencia no sector privado comparable.

Méritos profesionais: 90 puntos

- Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local convocante en calidade de persoal temporal 0,94 puntos por mes.
- Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,22puntos por mes completo
- Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,3puntos por mes completo.
- Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,06puntos por mes completo.

Outros méritos: 10 puntos

a) Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua





cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima sería:

Grupo A1: 100 horas (0,100 puntos hora)

Grupo A2: 80 horas (0,125 puntos hora)

Grupo B: 50 horas (0,200 puntos hora)

Grupo C1: 30 horas (0,333 puntos hora)

Grupo C2: 20 horas (0,500 puntos hora)

Grupo AP: 10 horas (1,000 puntos hora)

b) Titulación Superior a requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos

A solicitude irá acompañada do/s certificado/s de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas e dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais. Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

A cobertura das prazas seguirá a orde de prelación resultante da negociación colectiva que se desenvolva en cada administración convocante.



Os aspirantes que queden sen praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda.

### 5. Aplicación das quendas de persoas con discapacidade

No caso dos procesos das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei, ao tratarse de procesos por concurso como proceso excepcional, por unha soa vez, a convocatoria das prazas realizarase con carácter xeral para igual valoración dos méritos obxectivos fixados no apartado 3.4.2 para todas as persoas aspirantes.

No proceso de estabilización ao amparo do artigo 2.1 da Lei, o número de prazas incluídas nesta quenda serán equivalente ás que xa están cubertas temporalmente por persoal con esta condición de discapacidade acreditada. O resto de prazas que falten para completar esta quenda serán incorporadas aos procesos de oferta libre.

### 6. Comunicación ao traballador temporal ou funcionario interino de que a praza vai ser obxecto de convocatoria

Considérase que debe informarse ao traballador ou traballadora de que a praza que desempeñaba vai ser ofertada e de que pode no seu caso participar na convocatoria, sendo suficiente unha comunicación realizada por medio do correo corporativo do Concello en cuestión.

### 7. Identificación na convocatoria das prazas para ofertar

Na convocatoria debe facerse referencia a que a praza corresponde ao proceso de estabilización previsto no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, ou ás disposicións adicionais sexta e oitava da Lei.



3º. Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.

4º. Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.

5º. A de maior idade.

### 11. Negociación do desenvolvemento dos procesos selectivos

Respectaranse as bases da negociación colectiva dos procesos de estabilización coa referencia do EBEP (art. 37) e á propia Lei 20/2021, de 28 de decembro. O obxectivo é, por unha banda, a axilización e flexibilización dos procesos desde a seguridade xurídica e, por outra, a fluidez no seu desenvolvemento. A xurisprudencia e experiencia de procesos anteriores constituirá a base da negociación neste proceso, aínda sendo conscientes de que a diversidade de situacións específicas vai impedir unha posición uniforme en todo o territorio e todas as Entidades Locais con moitas e distintas circunstancias.

### 12. Compensación económica derivada da non superación dos procesos de estabilización

Corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para o persoal funcionario interino ou o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación dos procesos selectivos de estabilización contidos na Lei. A non participación da persoa candidata no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.



## 8. Orde de prelación para seren ofertadas entre as prazas ocupadas de forma interina ou temporal

No suposto de que existan varias prazas ocupadas de forma temporal ou interina obxecto de ofrecemento no proceso de estabilización, corresponde ás Administracións Locais de Galicia, a través da negociación colectiva, determinar o criterio en función do cal se vaia ofertar unha ou outra.

## 9. Toma de posesión da praza e cesamento do persoal temporal ou funcionario interino

Dado que, polas características do proceso, é posible que unha persoa resultase adxudicataria doutra praza ademais da que ocupa temporalmente, considérase aconsellable que se articulen previamente sistemas de coordinación das administracións convocantes, para os chamamentos simultáneos de tomas de posesión, e evitar así que queden prazas vacantes.

Dado que a vinculación do interino ou do temporal é exclusivamente coa praza desempeñada debe procederse ao cesamento, sen prexuízo da posibilidade de que aquelas persoas que non superen o proceso selectivo poidan ser incluídas en bolsas de persoal funcionario interino ou de persoal laboral temporal específicas ou a súa integración en bolsas xa existentes.

## 10. Criterios de desempate

Para ambos sistemas de estabilización:

- 1º. Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.
- 2º. Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.



### 13. Aplicación ao sector público local

En aplicación da disposición adicional 7ª da Lei 20/2021, polo que o previsto na mesma é de aplicación ás sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios do sector público, sen prexuízo da adecuación, no seu caso, á súa normativa específica, os presentes criterios adaptaranse en igual sentido por estas para unha efectiva aplicación nas ditas organizacións do previsto na Lei, podendo coordinarse coas súas Administracións de referencia.




**ALBERTO VARELA PAZ**

PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE  
MUNICIPIOS E PROVINCIAS




**JOSÉ DOMINGO BARROS MONTÁNS**

SECRETARIO SECTOR ADMINISTRACIÓN LOCAL  
DE UGT-SERVIZOS PÚBLICOS DE GALICIA



**XAN CANEDA GONZÁLEZ**

COORDINADOR XERAL DO SECTOR DA  
ADMINISTRACIÓN LOCAL FSC-CCOO GALICIA



**ALBERTO CADAVEIRA MAHÍA**

SECRETARIO NACIONAL DO SECTOR DA  
ADMINISTRACIÓN LOCAL DE CIG

